



**Informe Anual
de Accions de
Coordinación
do
CENTRO
Curso 2015-2016**

Documento Validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade

Ourense, día 30 de setembro de 2016



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
I. INFORMACIÓN XERAL SOBRE A COORDINACIÓN DO CENTRO	3
II. ESTRUCTURA E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN NA FACULTADE.....	4
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOS TÍTULOS DE GRAO (E. INFANTIL, E. PRIMARIA, E. SOCIAL E T. SOCIAL).....	7
IV. TÍTULOS DE MESTRADO	15
4.1. MESTRADO DE INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS	15
4.1.1. <i>Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación</i>	15
4.1.2. <i>Xuntanza de coordinación entre os docentes coordinadores de materia coas responsables do título e do proceso de calidade</i>	16
4.1.3. <i>Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia</i>	16
4.1.4. <i>Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo</i>	16
4.2. MESTRADO DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS.....	17
4.2.1. <i>Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores/as de módulo, materias e de TFM</i> ...	17
4.2.2. <i>Reunións das coordinadoras/es de materia co profesorado</i>	17
4.2.3. <i>Outras accións de coordinación desenvolvidas</i>	18
4.3. MÁSTER DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS	18
4.3.1. <i>Accións de coordinación entre a coord. xeral, coord. de campus, coordinadores de módulo e o profesorado</i>	18
4.3.2. <i>Accións de coordinación entre a coord. de campus e os coordinadores de módulo e o profesorado</i>	19
4.3.3. <i>Accións de coordinación entre os coordinadores de módulo e o profesorado</i>	20
4.3.4. <i>Accións de coordinación entre o profesorado que comparte materia</i>	20
4.3.5. <i>Coordinación da coordinadora de campus e coord. itinerario co profesorado que participa no módulo do Prácticum (TFM e Prácticas Externas)</i>	21
V. A MODO DE CONCLUSIÓN.....	22
ANEXO 1.....	23
ANEXO 2.....	26

INTRODUCCIÓN

Durante o curso académico 2015-2016 desde o centro (o equipo decanal, a Comisión de Garantía Interna de Calidade (CGIC) e a respectivas coordinacións de títulos) continuaron facendo un esforzo por consolidar as estruturas de coordinación, deixando mostra da súa evidencia, co obxecto de mellorar a calidade da docencia e de dar dar resposta ás esixencias do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SGIC).

Seguindo as directrices da Área de Apoio a Docencia e Calidade, os Informes de Accións de Coordinación do Centro lévanse desenvolvendo desde o curso académico 2013-2014. Polo tanto este é o 3º Informe elaborado sobre o referido cometido, que foi desenvolto a partir das evidencias das accións de coordinación desenvolvidas e rexistradas no ano académico 2015-2016.

Neste documento preséntase unha síntese da descrición das actividades levadas a cabo fundamentalmente en materia de coordinación docente no curso académico 2015-2016. O equipo decanal da Facultade de CC. da Educación, os membros da CGIC e a coordinación de títulos analizaron ao longo do curso pasado as problemáticas detectadas co obxecto de darlle solución ou de mellorar.

I. INFORMACIÓN XERAL SOBRE A COORDINACIÓN DO CENTRO

Na Táboa 1 preséntanse os respectivos títulos que están actualmente en vigor na Facultade de CC. da Educación. Tal como se recolle, a súa implantación, no marco do Espazo Europeo de Educación Superior, levouse a cabo para os Graos no curso académico 2009-2010 e para os mestrados no 2008-2009 e no 2009-2010.

Táboa 1. Títulos de Grao e Mestrado do centro

Denominación título/s	<p>Graos</p> <p>EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL</p> <p>Mestrados</p> <ul style="list-style-type: none"> - INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS. - DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS. - PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS.
Centro(s) onde se imparte o título/s	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense

Curso de implantación	Graos: curso 2009-2010 EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABAJO SOCIAL Mestrados: 2008-2009; e 2009-2010 - INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS: Curso 2008-2009. - DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS: Curso 2009-2010. - PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS: Curso 2009-2010.

II. ESTRUCTURA E RESPONSABLES DE COORDINACIÓN NA FACULTADE

A estrutura de organización académica coa que se conta na Facultade de CC. de Educación ten en consideración a diferentes figuras de responsabilidade (Táboa 2). Deste modo, atendendo ás esixencias xurdidas en cada curso académico, en diversas reunións (do equipo decanal, xuntas de titulación, coordinación de títulos etc.) son determinadas estas responsabilidades.

Táboa 2. Reparto das responsabilidades de coordinación no Centro

Coordinación de título/s	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Díaz Pereira, María del Pino
		Grao de Educación Primaria	Conde Rodríguez, Ángeles
		Grao de Educación Social	Rodríguez Castro, Yolanda
		Grao de Trabajo Social	Verde Diego Carmen
	Título de Mestrado	Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.	García Señorán, M ^a del Mar
		Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.	Díaz Pereira, M ^a del Pino
		Mestrado en profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.	Garrido González, Josefina

Título de Grao	Equipo coordinador de curso	<p>Coordinación cursos: Educación Infantil Alfonso Gil, Sonia: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Tellado González, Fernando: 3º Ed. Infantil Díaz Pereira, María del Pino: 4º Ed. Infantil</p> <p>Coordinación cursos: Educación Primaria Mayobre Rodríguez, Purificación: 1º Ed. Primaria Raposo Rivas, Manuela: 2º Ed. Primaria McNicholls, Stuart: 3º Ed. Primaria Iglesias Sarmiento, Valentín: 4º Ed. Primaria</p> <p>Coordinación cursos: Educación Social Gómez Suárez, Águeda: 1º Ed. Social Cid Fernández, Xosé Manuel: 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Dapía Conde, María D.: 4º Ed. Social</p> <p>Coordinación cursos: Trabajo Social López Viso, Mónica: 1º Trabajo Social López Castedo, Antonio: 2º Trabajo Social López Viso, Mónica: 3º Trabajo Social Saco Álvarez, Alberto: 4º Trabajo Social</p>
	Outras coordinacións de Centro	<p>Coordinación movilidad de estudantes Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Méndez Fernández, Ana Belén (Apoio á mobilidade)</p> <p>Apoio a prácticas pre-profesionais Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador)</p> <p>Coordinación Calidade Ricoy Lorenzo, M^a Carmen (Coordinadora Calidade) Rodríguez Castro, Yolanda (Apoio Calidade Educación Social) Díaz Pereira, María del Pino (Apoio Calidade Educación Infantil) Mociño González, María Isabel (Apoio Calidade Educación Primaria) Braña Rey, Fátima (Apoio Calidade Trabajo Social) Iglesias Sarmiento, Valentín (Apoio Calidade Mestrados)</p> <p>Coordinación PAT Conde Rodríguez, Ángeles</p>

Título de Mestrado Outras coordinacións	Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	- Coordinadora do TFM: Díaz Pereira, M ^a del Pino - Coord. institución externas: Failde Garrido, José M ^a - Coord. Práct. Curriculares: Dapía Conde, M ^a Dolores.
	Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	- Coordinación Módulo 1: Tellado González, Fernando - Coordinación Módulo 2: Conde Rodríguez, Ángeles - Coordinación Módulo 3: Raposo Rivas, Manuela - Coordinación TFM: Deaño Deaño, Manuel
	Mestrado en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	-Coordinadora do Campus Ourense: Ricoy Lorenzo, M ^a Carmen - Coordinadores-a de Itinerario: <ul style="list-style-type: none"> ◆ Humanidades: Vaquero García, Alberto ◆ Tecnoloxía e Informática: Membiela Iglesia, Pedro ◆ Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio ◆ Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen

Os-as docentes implicados-as na coordinación do Centro levan a cabo actividades e tarefas de enorme transcendencia para poder acometer os obxectivos que se establecen a curto e medio prazo. Neste sentido cabe sinalar que as funcións dos-as coordinadores-as de título son definidas no Manual de Calidade (Índice 4) en vigor, e as dos-as docentes que asumen a coordinación de curso foron debatidas, analizadas e aprobadas na Comisión Permanente (Comisión delegada da Xunta de Centro) o día 26/9/2014 e referendadas na Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 29/9/2014.

Co obxecto de optimizar a organización académica do centro, como se desprende da estrutura aportada na Táboa 2, cóntase con dous niveis diferenciados de coordinación no Centro, inter-Centro e cos Centros de Prácticas. Ao respecto cabe indicar que, tanto nos Graos, coma nos Mestrados da Facultade existe unha coordinación a nivel vertical e outra horizontal, funcionando o Equipo Decanal e a Comisión de Calidade como eixes

vertebradores¹. Esta coordinación horizontal e vertical resulta especialmente de utilidade entre as distintas materias do plan de estudos, para garantir o funcionamento máis axeitado posible: non duplicar o desenvolvemento dos contidos, evitar baleiros, etc.

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DOS TÍTULOS DE GRAO (E. Infantil, E. Primaria, E. Social e T. Social)

Con independencia de que cada título, dos respectivos Graos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Trabajo Social), presenta a súa singularidade, o Centro sempre que é posible funciona con dinámicas globais, coa finalidade de economizar o tempo, xerar sinerxías que faciliten o desenvolvemento do traballo, a implicación dos docentes e para que axuden a rendibilizar os esforzos.

As accións de coordinación desenvolvidas no Centro son cada vez máis, polo que describilas todas e entrar no máximo detalle alongaría en exceso este documento. Con todo, de seguido plásmase unha descrición analítica atendendo ás diferentes tipoloxías ou niveis de coordinación (táboa 3).

¹ Os rexistros de evidencias sobre as accións de coordinación, atendendo ás características destas, atópanse depositados en formato papel nas dependencias do Equipo Decanal e nos despachos do profesorado. Así mesmo, cóntase con rexistros en soporte dixital que están depositados fundamentalmente na plataforma Fatic e noutras plataformas da nube.

Táboa 3. Principais accións de coordinación desenvoltas no Centro con repercusión nos títulos de Grao

RESUMO DAS PRINCIPAIS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN: TÍTULOS DE GRAO Facultade de CC.da Educación. Curso académico 2015-2016				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSOAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS	PERIODICIDADE
EQUIPO DECANAL	Os membros do equipo decanal vertebran o conxunto do centro tanto co establecemento de relacións internas coma externas	Decana Vicedecanos-as Secretario	Análise e toma de acordos respecto ás liñas xerais e accións específicas a desenvolver polos diferentes órganos e axentes implicados na coordinación docente da Facultade. Debate sobre novas iniciativas de coordinación e das accións correctoras xa implantadas.	Reunións periódicas todos os luns na sala do equipo Decanal (o calendario atópase na entrada da sala).
	Principalmente para a organización da estrutura de apoio básico/xeral á docencia e outros aspectos relacionados coa posta en marcha do curso	Decana e Coordinadores de Titulacións Coordinadora de Calidade do Centro	Elaboración e revisión de Normas Comúns e Rúbrica (anéxase este documento) a discutir cos coordinadores-as de materia e profesorado para a revisión das Guías Docentes. Elabóranse pautas (axúntase documento elaborado) para guiar o profesorado na revisión/elaboración das guías na aplicación DOCNET. Acórdase o calendario e datas para o proceso de elaboración e aprobación das guías docentes.	Maió 2105

COORDINADORA DE CALIDADE	A Comisión de Calidade recolle información dos diferentes colectivos representados (alumnado, profesorado, PAS...) para revisar, analizar e mellorar os procesos de coordinación docente da Facultade; e para promover novas iniciativas	Todos os membros da Comisión de Calidade	<p>A Comisión de Calidade recolle información dos diferentes colectivos representados (alumnado, profesorado, PAS...) para revisar, analizar e mellorar os procesos de organización, coordinación, etc. da Facultade, así coma para promover novas iniciativas.</p> <p>Todas as análises, acordos tomados, accións promovidas etc. figuran recollidas nas actas da CGIC, a modo de síntese cabe sinalar a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprobación dunha Comisión Intercentros para a elaboración dos Seguímento e da Acreditación dos Títulos de E. Infantil e de E. Primaria. - Reflexión e análise sobre a información e acción asociadas aos Seguímentos dos Títulos da Facultade (Graos e Mestrados), á Política e Obxectivos de Calidade do Centro e aos datos do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección (Informe de resultados anual do Centro), correspondentes ao curso 2014-15, e validación. - Validación dos novos procedementos de calidade (AC-0104 P1 Accesos e admisión; AC-0201 P1 Matricula; AC-0401 P1 Expedición de títulos oficiais; DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións). - Validación da actualización da listaxe de procedementos en vigor. - Reestruturación /nomeamento e aprobación da composición da Comisión de Calidade para adaptarse ao novo Manual de Calidade (índice 04). - Revisión e validación do plan de promoción do Centro. - Debates e determinación, no marco das actividades do PAT, sobre as posibles accións de orientación académica e profesional e aprobación dunha actividade dirixida ao alumnado dos últimos cursos de Grao. - Análise das accións de coordinación desenvoltas nas respectivas titulacións do Centro no anterior curso académico (2014-15) e validación do Informe de Accións de Coordinación levadas a cabo nese período. - Revisión e posta ao día do Plan de Melloras do Centro para os respectivos títulos. - Valoración realizada sobre o estado da Web e os acordos para acometer novas actuacións ó respecto. - Identificación, análise e recollida de suxestións/necesidades de PAS e a decisión de trasladar a petición de persoal permanente ao servizo/s competente/s (PA08). - Análise sobre os Informes Provisorios de Revisión Interna dos Seguímentos de Títulos (2014-15) do Centro e a súa sobre as alegacións a presentadas. 	<p>As datas de celebración das reunións da CGIC do curso 2015-16 foron as seguintes:</p> <p>21/10/2015; 3/12/2015; 0/5/2016; 9/6/2016; 21/6/2016; 5/7/2016</p>
--------------------------	--	--	--	--

INTERCENTROS: Decanas-os/ Responsables dos 3 centros	Na medida en que os títulos de E. Infantil e Primaria son comúns aos tres centros, é imprescindible un contacto regular.	Decanos/as Coordinadores de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo. Coordinadora de Calidade do Centro	- Acordos sobre a prudencia de respectar os límites da liberdade de cátedra e o respecto ao plan docente establecido na memoria VERIFICA. - Toma de acordos para unificar os compoñentes curriculares substanciais das Guías Docentes. - Acordo para concretar vías de comunicación entre docentes dos tres campus que imparten as mesmas materias.	Xuño 2015 (previa elaboración guías docentes)
		Coordinadores de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo Coordinadora de Calidade do Centro	- Reafírmase o compromiso sobre a elaboración conxunta dos Informes de Seguimento dos Títulos. - Debátense as accións de mellora que afectan aos 2 títulos compartidos.	Contacto regular no período de setembro-novembro 2015
		Decanos/as Coordinadores de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo Coordinadora de Calidade do Centro	Contactos para o intercambio de información relativa aos regulamentos do TFG e a súa aplicación.	Ao longo de todo o curso académico
COORDINADORES DE GRAOS	A canle de comunicación entre a Coordinación do título e o profesorado enriquecese a través dos Coordinadores de cada curso	Coordinadores de Título e Coordinadores de Curso	- Analizouse, discutiuse e acordáronse os criterios e procedementos para a elaboración e revisión das guías docentes. - Elaborouse e consensouse a Rúbrica/ficha para empregar na actualización e rexistro das incidencias detectadas na revisión das guías docentes e guía resumo do procedemento para cubrir as guías en DOCNET.	Xuño 2015 (previa elaboración guías docentes)
			- Os Coordinadores de Curso analizan cos Coordinadores de Título os resultados do proceso de revisión das guías antes de ser sometidas á aprobación en Xunta de Facultade.	Xuño (antes da aprobación das Guías en Xunta de Facultade)

			- Distribución do alumnado nos grupos medios/pequenos das distintas materias do primeiro e segundo cuadrimestre. O criterio a seguir é acadar a maior equidade numérica dos grupos establecidos.	Primeira semana de setembro, previo o inicio das clases
COORDINADORES DE CURSO e PROFESORADO DOS RESPECTIVOS CURSOS	Unha das principais preocupacións da coordinación docente é acadar un consenso entre o profesorado de cada curso, con dúas finalidades principais: evitar solapamentos de contidos e organizar axeitadamente a carga de traballo ao longo do cuadrimestre.	Coordinadores de curso Profesorado do curso que corresponda	-Analizáronse, debatéronse e chegouse a acordos para evitar solapamento de contidos entre as materias do mesmo curso. -Chegouse a acordos relativos á data de entrega de traballos e doutras actividades de avaliación continua.	Xuño (previa elaboración guías docentes). Setembro, antes do inicio das aulas do 1º cuadrimestre Xaneiro, antes do inicio das aulas do 2º cuadrimestre.
COORDINACIÓN DE TFG	O TFG constitúe unha materia que pola súa recente implantación nos Graos require de axustes constantes na busca dun modelo eficaz de xestión administrativa e académica. Isto esixe un importante esforzo de coordinación docente para analizar, debater e resolver os diferentes problemas que xorden na impartición e xestión desta materia. Neste apartado reflíctense as accións de coordinación desenvolvidas en relación á coordinación docente desta materia.	Equipo Decanal Coordinadores de Títulos Coordinadores de TFG Titores/as TFG	- Posta en común do novo procedemento promovido na Universidade de Vigo, coa incorporación dunha plataforma dixital, para a xestión administrativa da solicitude, e avaliación do TFG. - Nesta reunión acordouse un calendario e o contido para a realización de reunións informativas sobre o procedemento a desenvolver co novo aplicativo de TFG co profesorado. - Informouse sobre as novas actas individualizadas e sistema de avaliación na plataforma dixital e tomáronse acordos para axustar o calendario á nova situación	Maior de 2014
		Coordinadores de TFG e titores/as de TFG	- Debatéronse diferentes tipoloxías de TFG e acordouse a implementación de 3 modelos. - Acórdase transmitir ao profesorado a conveniencia de estimular o desenvolvemento de traballos sobre temáticas propias de cada título con utilidade/implicacións prácticas, no posible. - Acordouse promover o emprego de referencias bibliográficas específicas das temáticas propias dos diferentes títulos. - Acórdase recomendar ao profesorado que contacte co alumnado para motivalo a que non atrase en exceso o comezo da elaboración do TFG.	Setembro de 2015

COORDINACIÓN PRÁCTICUM	A longa traxectoria académica do Prácticum nos Graos desta Facultade favorece a existencia de accións de coordinación que levan anos funcionando de xeito regular. Se ben, cada ano analízanse, débátese e acórdanse no seo das respectivas Comisións de Prácticum aspectos que permiten a mellora de diferentes aspectos nesta materia.	Coordinación entre a persoa coordinadora de Título, a do Prácticum e os/as titores/as académicos/as desta materia.	<p>Nestas xuntanzas acordouse:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A determinación dos criterios para a avaliación das prácticas externas cos/as titores/as de prácticas dos respectivos títulos. Neste sentido valorouse contemplar a unificación de parámetros sobre a avaliación, a delimitación do número de matrículas, así como os criterios para outorgalas. - Analizouse a marcha e o desenvolvemento das prácticas externas para ter en consideración de cara ao curso seguinte. 	Maiο-xuño de 2016
COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO QUE COMPARTE MATERIAS	A coordinación entre o profesorado que comparte unha materia é un factor determinante da calidade docente. O centro na súa web facilita aos docentes formularios/impresos para a sistematización e rexistro destas accións.	Profesorado que comparte unha materia	<p>Acórdanse levar a cabo, como mínimo, as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise conxunta das directrices xerais establecidas na Ficha de Materia recollida na memoria Verifica. - Definición operativa de competencias, resultados de aprendizaxe e contidos a reflectir na Guía Docente para ser impartidos. - Distribución de competencias e contidos a traballar por cada un dos docentes da materia - Deseño, recollida ou adaptación de ferramentas de aprendizaxe e recursos para a avaliación desta - Concreción de actividades e traballos a desenvolver polo alumnado e datas de entrega. 	Xuño (previa elaboración guías docentes). Setembro-xaneiro, previo ao inicio do cuadrimestre.
			<p>O profesorado que comparte materias veu realizando reflexións e compartíndoas sobre o proceso de desenvolvemento da materia de forma continuada ao longo do cuadrimestre.</p>	Durante o cuadrimestre
			<p>Tomáronse decisións sobre os criterios a aplicar para outorgar ou non as Matrículas de Honra.</p>	Xaneiro-xuño para proceso de avaliación e cubrir as Actas
COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT E TITORAS/ES	Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de Acción Tutorial (PAT) realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o profesorado directamente implicado como titores/as do alumnado de 1º curso, os	Coordinadora PAT e Titores/as	Co fin de preparar a estrutura de apoio para o PAT para o curso 2015-2016, solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as na atención e asesoramento dos grupos de 1º curso.	Xullo 2015

coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e TFG e a coordinadora do PAT para planificar as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais etc.).	Coordinadora PAT e Tutores/as	<ul style="list-style-type: none"> - Decidiron a asignación de titores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos Graos. - Informaron aos titores/as da distribución realizada por correo electrónico e sobre a publicación da información nos espazos do PAT da plataforma FAITIC, na web do centro e nos taboleiros das aulas de 1º curso dos distintos Títulos. 	Setembro 2015
	Coordinadora PAT e Tutores/as	<ul style="list-style-type: none"> - Actualizou a documentación correspondente ao PAT do curso 2015-16 na plataforma FAITIC (orientacións, anexos...), e informouse aos titores/as do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes de novo ingreso e da obriga de subir un extracto dos asuntos tratados a FAITIC. - Acordouse cos titores/as que de ser necesario informarían á coordinación do PAT, á coordinación do Título, docente ou responsable das incidencias para darlle resposta ou solución. - Decidiuse enviar desde a coordinación do PAT un recordatorio por correo electrónico aos titores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran o seu alumnado para a 2ª reunión de grupo. Recomendouse facer unha análise cos estudantes sobre a marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas durante o primeiro cuatrimestre, sobre todo en relación coas súas avaliacións á vista do cuatrimestre rematado. 	<p>Novembro 2015</p> <p>Marzo 2016</p>
	Coordinadora PAT, Coordinadoras Títulos, Coordinadores TFG, Coordinadores Prácticum	<p>A coordinación do PAT, xunto cos coordinadores dos distintos Títulos, coordinadores de Prácticum e coordinadores do TFG, acordaron organizar as reunións informativas de orientación ao alumnado dos diferentes cursos sobre as temáticas de interese para cada curso, entre elas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As ofertas de materias optativas e mencións (p.e: alumnado de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria). - Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes) - Información sobre o TFG (alumnado de 3º e 4º curso de todos os Graos). - Información e debate sobre as saídas profesionais (alumnado de 4º curso de todos os Graos). 	Abril-xuño 2016

		<p>Coordinadora PAT e Titores/as</p>	<p>Unha vez detectadas distintas problemáticas, do mesmo xeito que na 1ª convocatoria, decidiuse analizalas e tratalas con posterioridade nos órganos e servizos correspondentes da Facultade, xa que a súa resolución precisaba dunha reflexión ou axustes máis complexos ou polo menos que debían ser desenvolvidos a medio prazo.</p> <p>Baixo o liderado da coordinadora do PAT sintetizouse e analizouse a información recollida nas distintas sesións do PAT para elaborar a memoria do curso 2015-16. A coordinadora do PAT contou coa colaboración dos titores/as de grupos de 1º, os/as coordinadores/as de TFG, Prácticum, coordinadores/as de Título e do Equipo Decanal.</p>	<p>Xuño-xullo 2016</p>
		<p>Coordinadora PAT e Titores/as PAT</p>	<p>Durante o mes de xuño leváronse a cabo varias reunións dos titores/as do PAT, coas coordinadoras dos diferentes Graos e a coordinadora do PAT para analizar a marcha do Plan de Acción Titorial e propoñer, de ser necesario, accións de mellora para o próximo curso. Analizada a información recollida a través das reunións cos distintos grupos de estudantes decidiuse:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar un calendario de reunións ao inicio do curso 2016-17 e poñelo en coñecemento do alumnado nas xornadas de acollida, no espazo do PAT de cada Título e na web do Centro. - Propoñer que os docentes faciliten un cronograma da súa materia na xornada de presentación, de xeito que os estudantes teñan información sobre a secuenciación dos contidos e as datas de entrega de traballos e actividades. - Elaborar unha guía de titulación e unha relación de FAQs para a web do Centro de xeito que se facilite a información que non reciben na xornada de acollida os estudantes de incorporación tardía. 	<p>Xuño 2016</p>

IV. TÍTULOS DE MESTRADO

Respecto ás accións de coordinación levadas a cabo nos títulos de Mestrado, atendendo ás súas tipoloxías, destacasen algunhas seguidamente.

4.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Cabe destacar entre as accións de coordinación deste Título as asociadas a xuntanzas de traballo para a planificación do ensino e os procesos de comunicación virtual entre o profesorado dunha mesma materia e entre responsables de coordinacións xerais co resto do equipo docente.

4.1.1. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

Xunto coas continuas reunións, tanto presenciais coma virtuais, entre a coordinadora do título e a responsable de calidade, destacan as seguintes xuntanzas de coordinación xeral do título

Xuño-xullo de 2015 (previo ao inicio de curso 2015-16)

- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de preparar as Guías Docentes para o 2015-16. Dende a Facultade organizáronse sesións para acceder á plataforma de DocNet e resolver tanto problemas técnicos, que van xurdindo ano a ano, coma cuestións de tipo pedagóxico, especialmente o sistema de avaliación.
- Desenvolvéronse xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). Leváronse a cabo tarefas e acordos asociados coa estrutura de apoio á docencia do curso 2015-2016. Así mesmo, revisáronse os diversos problemas e necesidades xurdidas no pasado curso, actualización do calendario docente etc.

Setembro-outubro 2015 (ao comezo do curso 2015-16)

- Desenvolveuse unha xuntanza preparatoria da sesión de acollida do novo alumnado, que se celebrou o mércores 9 de setembro de 2015.
- Como todos os cursos académicos, fíxose unha xuntanza para organizar o inicio do curso, especialmente no relativo ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM, coordinador das relacións externas para o Prácticum. Os asuntos tratados en síntese centráronse na: Organización do Prácticum e do TFM, atendendo aos requirimentos para o establecemento de novos convenios con entidades externas, asuntos relativos ao TFM.
- Levouse a cabo unha xuntanza de traballo para analizar as peticións de institucións e servizos do alumnado sobre a realización das prácticas externas, asignarlles o centro de prácticas e as titoras/es académicos/as. Revisar os convenios existentes e analizar a

necesidade de solicitude dalgúns novos. Participou a coordinadora xeral do mestrado, responsables do TFM e do Prácticum.

- Desenvolveuse unha reunión entre a coordinadora das Prácticas Curriculares Externas e o coordinador de Relacións coas Institucións Externas para ultimar os pormenores e situacións sobrevidas.

4.1.2. Xuntanza de coordinación entre os docentes coordinadores de materia coas responsables do título e do proceso de calidade

Xuntanza dos coordinadores de materia coa responsable do título e a coordinadora de calidade, celebrada o 4 de decembro de 2015. O obxectivo desta sesión foi analizar os resultados das enquisas de satisfacción do Mestrado e discutir e decidir conxuntamente estratexias para a súa mellora.

4.1.3. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia

As respectivas coordinadoras ou coordinadores de cada materia mantiveron unha comunicación constante co resto dos docentes da mesma materia. Neste sentido coordinaron as tarefas asociadas á actualización da Guía Docente, a sesión e contido para a presentación da materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, sistema de avaliación etc. Finalizado o curso, e nalgúns casos durante o mesmo, os docentes de diferentes materias revisaron o desenvolvemento do ensino, ao ter detectado problemas, co obxecto de buscar solucións. Outra cuestión de especial interese é a difusión e discusión dos resultados da enquisa que o título pasa ao alumnado materia a materia, na que se inclúen tanto as fortalezas como as debilidades de cada materia. Tal información constitúe anualmente un espazo para a reflexión e a mellora entre o profesorado dunha mesma materia.

4.1.4. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo

Como en anos anteriores, cada módulo de materias diseña unha actividade común para todas elas. Esa actividade pode variar anualmente e pode mudar tamén o docente responsable da súa organización. Posto que a asistencia a esa actividade se acordou valorala con 1 punto na cualificación total do alumnado, en cada materia é imprescindible organizar ben a actividade, darlle difusión e, unha vez realizada, comunicar ao profesorado das materias do módulo a listaxe do alumno/a asistente. Por este motivo tamén no curso académico 2015-16 houbo unha coordinación, por un lado coa responsable do título e coa administrativa deste e, por outro, cos docentes de todas as materias de cada módulo.

4.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Neste mestrado cabe resaltar algunhas accións de coordinación que se detallan en adiante.

4.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores/as de módulo, materias e de TFM

Realizáronse as seguintes xuntanzas de traballo:

Finais de maio e xuño de 2015

- Xuntanzas de traballo do profesorado para redactar a Memoria Definitiva do Mestrado tendo en conta os axustes solicitados no Informe Final de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
- Reunións para explicar os cambios introducidos na aplicación DOCNET e as directrices remitidas pola Área de Apoio á Docencia e Calidade (asignación das competencias do título ás materias; definir os resultados de aprendizaxe e relacionalos coas competencias da titulación; avaliar as competencias que foron asignadas ás materias; describir as metodoloxías).
- Reunión cos coordinadores/as de módulo e materia para revisar as guías docentes do curso 2015-2016 nos apartados “actividades formativas”, metodoloxías docentes” e “sistemas de avaliación”, elaborar unha proposta de calendario docente e probas de avaliación e analizar as necesidades xurdidas durante o curso.

Setembro de 2015

- Preparación da Xornada de Acollida (celebrada o 23 de setembro), das sesións formativas da biblioteca (24 e 25 de setembro), revisión do calendario de actividades e oferta das liñas de investigación para o curso 2015-2016.

Outubro de 2015

- Reunión do coordinador do TFM co profesorado para asignar liñas de investigación e titores/as ao alumnado do Mestrado.

4.2.2. Reunións das coordinadoras/es de materia co profesorado

Xuño - setembro de 2015 e xaneiro-xullo de 2016

Nas materias impartidas por máis de un docente realizáronse reunións e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de

xuño para tomar acordos sobre as guías docentes do próximo curso; planificación da docencia, distribución de contidos ao inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para acordar as cuestións de tipo organizativo e de distribución e secuenciación de contido, así como ao longo dos respectivos cuadrimestre para a realización dos reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do período da docencia para a determinación global da avaliación etc. Cabe salientar que se utiliza un espazo común de traballo habilitado para tal fin na plataforma de teleformación (FAITIC) para un intercambio fluído de información e experiencias. Moitas destas reunións realízanse a través de SKYPE.

4.2.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas

Ao longo do curso académico a coordinadora do título enviou, a todos os docentes do mestrado, un correo electrónico recordando cunha semana de antelación as datas da sesión de cada docente, o número de estudantes do mestrado, o título de acceso e algunhas liñas básicas de organización académica. Tamén se axuntaban dúas listaxes de asistencia para cada unha das sesións do Mestrado e un impreso para a realización de titorías (media hora ao finalizar cada sesión).

4.3. Máster do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Tendo en conta que se trata dun mestrado impartido nos 3 campus da Universidade de Vigo, é preciso salvar a distancia xeográfica e facilitar a conciliación das respectivas accións entre docentes e responsables de coordinación xeral e de campus. Por iso, diferentes accións de coordinación se levaron a cabo fundamentalmente a través de medios dixitais: *email*, *skype*, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación de Faitic, teléfono etc.

4.3.1. Accións de coordinación entre a coord. xeral, coord. de campus, coordinadores de módulo e o profesorado

Xuño de 2015

- Desde a Secretaría Académica acordouse a través de correo electrónico co profesorado das respectivas materias a persoa que asumiría a coordinación de cada unha.
- Desde a Secretaría Académica a través de correo electrónico informouse do calendario para a revisión e entrega das guías docentes.

Setembro de 2015

- A coordinadora xeral celebrou unha reunión presencial co profesorado de nova incorporación a principios de setembro de 2015, antes do comezo das clases, para presentarse e explicar a estrutura organizativa do mestrado e acordar as liñas básicas de organización académica.
- A coordinadora xeral, a través de correo electrónico e *skype*, en colaboración coa persoa coordinadora dos respectivos campus da Uvigo, os coords. de itinerarios e o profesorado estable das materias deciden as directrices básicas de tipo organizativo para a posta en marcha do curso académico.

4.3.2. Accións de coordinación entre a coord. de campus e os coordinadores de módulo e o profesorado

Xuño de 2015

- A través de correo electrónico infórmase ao profesorado da necesidade de completar e revisar as Guías Docentes na plataforma DocNet, axustando os diferentes apartados á Memoria Verificada do Título.
- Chégase a acordos para ultimar o calendario en case todas as materias (exceptuando as do profesorado externo que compatibiliza os seus horarios cos do Instituto e non os coñece ata setembro) co obxecto de compatibilizar o horario no mestrado co Grao.

Setembro de 2015

Establécense diferentes accións fundamentalmente, a través de correo electrónico, para acordar os mecanismos para a:

- Realización de cambios de aulas, no caso que sexa necesario ao longo do cuadrimestre, e os espazos para a titorización presencial do profesorado externo. Tamén se acorda que calquera cambio que se produza sobre a asignación dos espazos se lle comunicará á coordinación de campus e ao alumnado directamente na aula, a través de Faitic e na conserxería dos edificios implicados.
- Utilización das follas de sinaturas para as evidencias sobre o desenvolvemento da docencia e a realización das probas de exames oficiais.
- Recollida de rexistros sobre a asistencia do alumnado: listaxe de sinaturas ou recollida de actividades.
- Alta en Faitic enviando un correo electrónico a faitic@uvigo.es coa indicación dos datos persoais, correo electrónico, título e código da materia, que posteriormente a coordinadora de campus autoriza a faitic a realizar a alta na plataforma de teledocencia.

- Organización das saídas pedagóxicas e actividades docentes fóra da aula, co gallo de que dispoña o alumnado das datas con algo de antelación, así coma a coordinación de campus e na conserxería.

Setembro-décembro de 2015

Antes de comezar cada materia dos respectivos módulos, a coordinadora de campus contactou cos coordinadores de itinerario para ofrecer a información pertinente e acordar as directrices básicas para a posta a punto da docencia das materias. Deste xeito os coordinadores de módulos informaron/pactaron co profesorado en síntese:

- Continuar co emprego dun modelo común para plasmar o reparto das sesións entre o profesorado que comparte materia/s e a secuenciación de contido.
- Definición dun calendario coa previsión de entrega de actividades, traballos etc. para a avaliación continua, así como os medios empregados para a presentación.
- Continuar empregando algunha plataforma de teleformación, como por exemplo faitic, para facilitarlle ao alumnado os materiais didácticos, o contido da materia, a entrega dos traballos/actividades e portfolios etc

4.3.3. Accións de coordinación entre os coordinadores de módulo e o profesorado

Setembro-décembro de 2015

O profesorado revisa os contidos que vai impartir para evitar a superposición de contidos entre docentes dunha mesma materia e co resto de materias. Para iso, os docentes chegaron a acordos e realizaron os axustes oportunos, dentro do marco da Memoria Verificada e a Guía Docente.

Acórdase a realización de pequenos reaxustes no horario entre o profesorado externo, cuxa dedicación fundamental se desenvolve fóra da Universidade, unha vez que no mes de setembro recibiran o seu calendario nos Institutos de Secundaria

4.3.4. Accións de coordinación entre o profesorado que comparte materia

Xuño, setembro-décembro de 2015

O profesorado que comparte materia/s asumiu diferentes accións de coordinación, que foron lideradas polo/a coordinador/a de materia, tanto para a revisión da Guía Docente, coma antes de comezar a docencia (para a súa posta a punto), así como ao longo do seu desenvolvemento, co obxecto de aplicar os axustes pertinentes. Principalmente, estas accións de coordinación leváronse a cabo nos meses de xuño de 2014 (para a toma de acordos sobre o deseño/revisión da programación do curso 2014-15), ao inicio dos

respectivos cuatrimestres (setembro, novembro-decembro) para as cuestións de tipo didáctico-organizativo que afectan á distribución e secuenciación de contido, pero tamén de forma intermitente ante a necesidade de asumir diferentes reaxustes na dinámica do proceso de ensino e ao final do período de clase para realizar a valoración para a avaliación global do alumnado. Estas accións de coordinación leváronse a cabo a través de xuntanzas presenciais e mediante medios dixitais: plataformas de teleformación, correo electrónico, skype etc.

4.3.5. Coordinación da coordinadora de campus e coord. itinerario co profesorado que participa no módulo do Prácticum (TFM e Prácticas Externas)

O módulo do Prácticum, que engloba as materias de Prácticas Externas e o TFM, é responsabilidade de diferente profesorado. Por iso, require unha coordinación axeitada para poder funcionar de forma unísona.

Decembro de 2015

Desenvolvéronse diferentes accións de coordinación a través de medios dixitais fundamentalmente para decidir que o profesorado do mestrado presentará á coordinadora de campus, a través de correo electrónico, a súa dispoñibilidade con indicación do número máximo de TFM que dirixiría e a preferencia polo itinerario, así como para a titorización do alumnado para as prácticas externas. Decidiuse que, a partir dos criterios consensuados e atendendo á solicitude do profesorado implicado, cada coordinador de itinerario realizase o reparto de asignación de titores/as TFM e Prácticas Externas para facelo público e informar a todos/as os/as implicados/as (alumnado e profesorado). Así mesmo, desde a coordinación de itinerario e campus acordouse co profesorado titor o alumnado do que se responsabilizaría.

Maio de 2016

- Chegouse a acordos entre a coordinación de campus, de itinerario e o profesorado implicado na materia do TFM para a composición dos tribunais.
- Revisáronse desde a coordinación de campus e de itinerario co profesorado titor os documentos a considerar no proceso de avaliación das Prácticas Externas, no proceso de presentación, autorización e cualificación do TFM pola súa parte, e as achegas de evidencias sobre o PAT (do que é responsable o profesorado implicado nas anteriores materias).

V. A MODO DE CONCLUSIÓN

A CGIC consciente da relevancia que ten a sistematización das Accións de Coordinación das titulacións, de forma tenaz, continúa na busca de recursos e a implementación de accións que axuden a mellorar a praxe nas aulas e axilizar a xestión administrativo-burocrática esixida no modelo actual de calidade.

O almacenamento de rexistros de tipo dixital e en papel para a custodia compartida da documentación das evidencias, sobre as accións de coordinación, vai mellorando no Centro. Con todo hai que recoñecer que é un reto que esixe a dedicación dunha gran cantidade de tempo, pese a todo continúanse facendo esforzos e estanse a conseguir diferentes logros neste sentido.

Respecto aos cursos anterior pódese afirmar que xa se aprecian cambios positivos nas accións de coordinación docente do Centro, a pesar de que pola elevada carga de traballo non é fácil para o profesorado a sistematización e burocratización das mesmas. Con todo, o profesorado está asumindo con responsabilidade e interese as múltiples tarefas que isto xera.



Anexo 1

AXUDA PARA A REVISIÓN/ ACTUALIZACIÓN DAS GUÍAS DOCENTES NO APLICATIVO DE DOCNET E CALENDARIO

AXUDA PARA A ACTUALIZACIÓN DAS GUÍAS DOCNET E CALENDARIO

Curso 2015-16

Idiomas

<p>As guías DOCNET deben cumprimentarse en galego e castelán (e opcionalmente en inglés). Revisar que os idiomas cubertos mostren o mesmo contido. DOCNET permite traducir toda a guía ou apartado por apartado. A utilización do tradutor automático non evita a necesidade dunha revisión final.</p>	<p>Lembra:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elixir o idioma adecuado no despregable 'idioma principal'. - Situar-se na pestana correspondente e editar o idioma seleccionado. - Para traducir: Situar-se na pestana do idioma e traducir. Recoméndase cubrir primeiro un dos idiomas da guía e ao finalizar traducila.
--	--

Paso 1: Competencias

<p>Deben coincidir coa Ficha Técnica de cada materia na memoria 'Verifica'</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Asignar a competencia de Título marcando CB,CG,CE,CT - Marcar á dereita a súa tipoloxía: saber (coñecementos), saber facer (destrezas), saber estar (actitudes)
--	--

Paso 2: Resultados de Aprendizaxe

Deberán estar relacionados sempre coas competencias e coa avaliación.

Paso 3: Contidos

Deben coincidir coa Ficha Técnica de cada materia na memoria 'Verifica'.

Paso 4: Planificación docente

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA. As horas presenciais no deberán exceder de 52 (ou 54h se se incluíu o exame).

EDUCACIÓN SOCIAL. As horas presenciais no deberán exceder de 45.

TRABALLO SOCIAL. As horas presenciais no deberán exceder de 45 (ou 50 h se se incluíu o exame).

Lembra marcar o *check* da columna 'Avaliación' naqueles elementos que correspondan ás probas de Avaliación. Deste modo aparecerán no Paso7.

Deben coincidir coa Ficha Técnica de cada materia na memoria 'Verifica'	- Incluir a porcentaxe de Cualificación - Marcar as Competencias Avaliadas
En 'Outros comentarios e segunda convocatoria' deberá incluír: avaliación para o alumnado asistente e o non asistente.	a) Descrición b) O seguinte parágrafo: ' <i>De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de nullo</i> '. c) Un <i>link</i> ao apartado correspondente da web do centro cun texto similar a " As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames 2015-16' "

Paso 5: Metodoloxía docente

Describir metodoloxías de aula.

Paso 7: Avaliación

Paso 8: Bibliografía

Diferenciar **Bibliografía básica** (4 ou 5 referencias) e **Bibliografía complementaria**.

Paso 10: Enviar a guía á coordinación da titulación

CALENDARIO DAS GUÍAS DOCNET DO CURSO 2015-2016

Do 25 ao 14 de xuño	Elaboración polo profesorado das guías docentes
15 de xuño ás 8:00 horas	Peche das guías docentes para o profesorado
Do 15 de xuño ao 3 de xullo	Revisión das Guías Docentes por parte dos/as coordinadores/as de curso
6 de xullo	Aprobación das Guías Docentes do curso 15/16 na Comisión de Calidade. Publicación provisional das Guías Docentes.
7-8 de xullo	Convocatoria Xunta de Centro
13 de xullo	Aprobación das Guías Docentes do curso 15/16 na Xunta de Centro
14 de xullo	Publicación definitiva das guías docentes



Anexo 2

RÚBRICA PARA A (auto)REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES

RÚBRICA/FICHA PARA A REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES

REVISIÓN DAS GUÍAS DOCENTES		
DATOS IDENTIFICACIÓN	GRAO/MESTRADO	
	Nome da materia	
	CÓDIGO	
	Curso académico	
	Curso (1º, 2º, 3º, 4º ou Mestrado)	
	Cuadrimestre	
IDIOMAS	IDIOMA CASTELÁN	
	Está correcta a totalidade do contido? En caso de erro, indicar onde e traducir	
	IDIOMA GALEGO	
	Está correcta a totalidade do contido? En caso de erro, indicar onde e modificar	
	Está publicado nos dous idiomas?	
COMPETENCIAS: Están marcadas	Competencias básicas	
	Competencias xerais	
	Competencias específicas	
	Competencias transversais	

RESULTADOS DA APRENDIZAXE			
Son coherentes cos contidos da M. VERIFICA?			
CONTIDOS			
Coinciden os TEMAS cos CONTIDOS da Memoria VERIFICA?			
PLANIFICACIÓN		Horas presenciais: Están axustadas ao que corresponde para a materia?	
		Horas totais: Están axustadas ao que corresponde para a materia?	
METODOLOXÍAS DOCENTES			
Coinciden coas sinaladas na Memoria VERIFICA?			
AVALIACIÓN	Coinciden os sistemas de avaliación e as % da guía DOCENTE coas da M. VERIFICA?		
	De ser o caso, identificar EN QUÉ ASPECTOS NON COINCIDEN		
	Están marcadas todas as (4 tipos) competencias mediante os sistemas de avaliación usados?		

	<p>Especifícase o sistema de avaliación para NON ASISTENTES?</p> <p>O sistema permite a obtención de 10 puntos?</p>	
<p>REFERENCIAS</p>	<p>O nº de referencias bibliográficas básicas que presenta non supera 6?</p>	
	<p>Presenta outros recursos/referencias máis específicas ou complementarias?</p>	